



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Pablo Xavier López Vidal e Abel Losada Álvarez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Pleno, sobre o transporte metropolitano de Ourense**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dende que a maioría dos galegos e galegas depositaron a súa confianza no goberno que preside Emilio Pérez Touriño, o transporte público está incluído na axenda diaria das actuacións públicas que inciden dun xeito especial na vida das persoas.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, está a traballar no primeiro instrumento de planificación global do transporte, o Plan Integral de Transportes de Galicia (PITGAL). Con el se pretende consolidar un sistema de transporte público que responda ás necesidades dos cidadáns e garanta a viabilidade económica e medio ambiental dos servizos ofertados.

Dentro deste ambicioso plan se contempla de xeito singular o transporte metropolitano. Unha acción política que desenvolva no entorno das grandes cidades, abrangue aspectos da vida das persoas e da súa actividade vital, pero ademais ten unha enorme relevancia na propia competitividade da economía.

Recentemente presentouse publicamente o Anteproxecto de Lei de transporte público de Galicia, como un texto normativo que mellorará a calidade de vida dos cidadáns e que aposta polo transporte público como única alternativa real para minimizar os custes socioeconómicos do transporte privado e o seu impacto, as retencións e a contaminación. A lei promove unha rede de transporte público, fundamentada en criterios de equidade social, equilibrio territorial, seguridade, atención ás persoas con mobilidade reducida e participación dos usuarios.

Co ánimo de instaurar na cidade de Ourense e nos concellos limítrofes un auténtico servizo público de transporte metropolitano, que requirirá a coordinación entre os servizos de transporte público urbano e interurbano,



Grupo Parlamentario

estanse a desenvolver conversas e negociacións entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, o alcalde do Concello de Ourense e os concellos limítrofes.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Como queira que a implantación deste servizo de transporte metropolitano vai supoñer un cambio radical na mobilidade das persoas desta importante área de influencia, así como influír dun xeito positivo na vida dos cidadáns, e polo que os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

En qué situación se atopa a implementación do Plan de Transporte Metropolitano de Ourense?

Pazo do Parlamento, 5 de marzo de 2008

Asdo.: Pablo Xavier López Vidal
Abel Losada Álvarez
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 05/03/2008 16:03:29

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/03/2008 16:03:48